



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2024/4

PLN/2024/4.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTEOITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Sendo as dezanove horas e trinta e dous minutos do vinteoito de febreiro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 31.01.2024 (2024-0002) E 08.02.2024 (2024-0003). Para os efectos previstos no artigo 91 do Rea Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 31.01.2024.

Solicita o uso da palabra o portavoz do grupo PSdG-PSOE. Sinala que a acta non recolle con exactitude nin de forma íntegra as intervencións de cada grupo municipal sin que se poda complementar o así recollido co audio da grabación da sesión por canto os audios dispoñibles polos problemas de son, non permiten a súa escoita. Polo que adianta que o seu grupo vai a absterse na votación.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	1 voto a favor e 1 abstención.

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

- Borrador da acta da sesión extraordinaria realizada polo Pleno con data 08.02.2024.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Intervén a portavoz do grupo municipal BNG. En ausencia de grabación da que se poda verificar a veracidade do que consta en acta, indicar que o seu grupo non vai a votar a favor.

A secretaria solicita o uso da palabra ao Alcalde para lembrar que como tal e de acordo coa normativa básica sobre Réxime Local, unha das funcións reservadas a secretaría é a fe pública, das que as actas son manifestación.

A portavoz do BNG replica que se trata dunha cuestión política e non técnica.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	1voto a favor e 1 abstención Abstención Iván Martínez González non presente na sesión

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

2º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 346/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2024. Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 346/2024, elevado con data 22.02.2024 á Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica:

“2º.- EXPEDIENTE 346/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2024.- Consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 346/2024 proposta asinada pola concellería delegada de Facenda e Promoción Económica (delegación RA 2023-615, de 26.06.2023) asinada con data 19.02.2024:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA PERSOAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA.

Elaborada a Memoria pola concelleira delegada de Facenda e promoción Económica de 19 de febreiro de 2024 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a súa necesidade e urxencia.

Vista a providencia da concelleira delegada de Facenda de 19 de febreiro de 2024 pola que se solicita a emisión de informe a secretaría municipal sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para efectuar a modificación no orzamento, e a intervención municipal o informe correspondente e o informe sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria.

Visto que pola secretaría municipal emitiuse o informe ao respecto con data 19/02/2024.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Visto que pola intervención municipal emitiuse o informe de intervención e o do cálculo da estabilidade orzamentaria, ambos con data 19/04/2024.

A vista de todo exposto e ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos MC nº 01/2024 do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos.

Vista a necesidade de dotar o crédito correspondente á aportación municipal para poder executar o proxecto de reforma do Parque Infantil San Xoán de Piñeiros co obxecto de rehabilitar e mellorar as áreas de xogos destinadas á poboación infantil .Esta iniciativa ten como finalidade restaura e elevar a calidade e funcionalidade destas instalacións esenciais, garantizando a súa adecuación aos estándares de seguridade e accesibilidade actuais, buscase transforma este espacio nunha zona segura, atractiva e estimulante que fomenten o desenrolo físico, congñitivo e social dos nenos e nenas. O prazo para executar á actuación subvecionada e presentar a documentación xustificativa remata o 31/10/2024.

Polo que á vista de todo o anterior, e posto que existe á necesidade e a urxencia de adaptar os importes recollidos inicialmente no orzamento de 2024, prorrogado de 2022, as circunstancias sobrevidas citadas, que non están incorporadas no orzamento. Debido a necesidade e a urxencia de realizar estes gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias aplicacións orzamentarias antes de que remate o presente exercicio, dado que o crédito que existe no orzamento da corporación para o 2024, ou non existe, os gastos son tales como:

Proxecto de reforma do Parque Infantil San Xoán de Piñeiros.

En definitiva, a proposta de modificación pretende que o Concello dote de créditos adecuados e suficientes, e posteriormente reconecer as obrigas para con terceiros derivadas da súa relación co concello.

Considerando que no orzamento vixente, non existe crédito para imputar estes gastos, trámitase o presente expediente de modificación de créditos MC01/2024, de crédito extraordinario financiado con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos.

Por todo o anterior, emito a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

*1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 01/2024**, de crédito extraordinario , financiado con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos, por importe de **15.000 euros**, de acordo co seguinte esquema:*

1º CREDITO EXTRAORDINARIO





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A) CRÉDITO EXTRAORDINARIO (aplicación non dotada no orzamento)
Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
	Prog.	Económica				
20242 PARQ U1	171	61900	Proxecto de reforma do Parque Infantil San Xoán de Piñeiros.	0	15.000,00	15.000,00
			TOTAL	0	15.000,00	

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **15.000,00 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	920/12001	10.811,27	10.000,00	811,27	Non está previsto a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas
	920/12100	45.393,67	5.000,00	40.393,67	Non está previsto a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas





Concello de Mugardos
(A Coruña)

TOTAL	15.000,00		
--------------	------------------	--	--

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello, adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Primeira quenda de intervencións	
Grupo EU	No parque infantil realizáronse previamente outras actuacións polo que descoñecer o grao de deterioro que poda motivar unha nova intervención. O seu grupo descoñece o seu contido polo que adianta a súa abstención.
Presidenta	A elección do parque ven asociada ao obxecto das actuacións subvencionales nesa orde de convocatoria e porque é a que require dunha menor solicitude de autorizacións sectoriais.
Grupo PSdG-PSOE	Replica os mesmos argumentos do grupo precedente.
Grupo BNG	Engade na mesma liña que o proxecto non se elevou á consideración de Comisión Informativa ningunha e descoñece os informes técnicos. O seu grupo presento unas acehgas ao POS+2024 unha proposta de intervención nesa área no vial de acceso que





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	non ten cobertura. E adianta al igual a súa abstención.
--	--

Rematado o debate e sometido a votación, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto ponderado	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

...”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta o voto en contra do seu grupo para romper coa dinámica do grupo de goberno de elevar sucesivos expedientes de modificación de crédito, de forma que formen e presenten un orzamento ao Pleno. Máis quere deixar claro que non está en contra da inversión. Ao que une as formas na tramitación (remisión de documentación por correo electrónico e sen coñecer os informes técnicos). E así mesmo as inversión non executadas asociadas a previos expedientes de modificación de crédito elevados a Pleno, citando varios exemplos como o parque no Baño pendente dende o ano 2021 ou o parque dos Carneiros.
Portavoz BNG	Anuncia o voto en contra do seu grupo por estar disconforme coa práctica do grupo de goberno de por contra as cordas á oposición sen contar con eles para formar as iniciativas como a que se presenta en Pleno pese a estar de acordo coas obras proxectadas. Solicita do goberno menos crítica á oposición e que se adiquen a xestionar o concello.

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PP	Insta os grupos da oposición a que se absteñan para non paralizar a acción de goberno. Respecto das críticas realizadas por non apoiar expedientes como a delegación da xestión tributaria e recadatoria na Deputación provincial, non se trata de aplicar políticas de provisión e xestión de recursos humanos xa que os informes poñen de manifesto a existencia de problemas de carácter estrutural. E lembra que o obxecto do punto da orde do día é dicir si ou non á habilitación de crédito para levar a cabo as obras no parque infantil de San Xoán.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	En contra	En contra	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno non presta aprobación á proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos **MC 01/2024**, de crédito extraordinario , financiado con cargo cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos, por importe de **15.000 euros**.

3º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ARRANXO DE EDIFICIOS PÚBLICOS.- Moción da que se deu traslado á Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 21.02.2024:

“4.1º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RE-435 de 20.02.2024.

Moción que responde ao seguinte texto:

“ ...

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O goberno é o encargado e o gardián do noso patrimonio e responsables do benestar da cidadanía, é necesario que tomemos medidas concretas para preservar estes monumentos que son testigos da nosa historia e conforman o tecido da nosa identidade local. A casa consistorial, en particular, é a casa do pobo, un símbolo da nosa democracia local e punto de referencia para a veciñanza. A restauración do Concello non so asegurará a integridade estrutural de estes edificios, senon que tamén revitalizará o noso entorno urbano.

Debemos traballar en conxunto para evitar o deterioro dos edificios públicos polo que solicitamos:

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Que se asignen os recursos necesarios para a restauración e conservación dos edificios públicos, incluíndo a Casa Consistorial
2. Que se xeneren informes sobre o estado do resto dos edificios públicos e se cree un plan de investimento para a súa rexeneración”.

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.”





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz BNG	Procede a dar lectura á moción e solicita o apoio dos restantes grupos municipais.
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta o voto a favor do seu grupo á moción presentada. Considera que máis que deterioro, a Casa Consistorial e restantes edificios públicos están abandonados, de forma que esta forma de actuar que reflicte no exterior é indicativo do que acontece no interior. A continuación describe as que ao seu xuízo son as principais deficiencias que afectan a Casa do Concello e outros inmobles municipais.
Alcalde	Todas as incidencias advertidas nos inmobles citados polo portavoz PSdG-PSOE levan así 25 anos e reprocha que presenten mocions e voten en contra de proxectos que teñen por obxectivo solventar os problemas que denuncian. Aclara que das diferentes ordes de axudas que se publicaron, seleccionaron aquelas que podan ser máis viables e cita se seguido, as intervencións que durante o seu mandato se levaron a cabo ou proxectados en inmobles municipais (mercado, pabellón...)

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Lembra ao grupo municipal PP que votaron en contra dos proxectos en O Monte e Rosalía de Castro polo que non están en situación de criticar a outros grupos e porén o seu grupo votou ata en dúas ocasións a favor de proxecto para que se arranxen as deficiencias en o pabellón municipal. Polo que non van a seguir prestando apoio a expedientes que poñen de manifesto a mala xestión do grupo de goberno como acontece co POS, solicitando máis transparencia na tramitación dos expedientes. Polo que se é intención do goberno municipal facer algo nestes inmobles, quen vote a favor da moción.
Portavoz BNG	Centra o obxecto da moción nos inmobles que son de titularidade municipal e que por tanto dependen tan só do concello sen que elo exclúa recoñecer que existen outras necesidades. Consideran que o informe que recolle a moción pode ser unha folla de tura para facer unha planificación.
Portavoz PP	O seu grupo tiña a intención de votar a favor da moción máis polos comentarios realizados non apoiarán o posible acordo. Pasa de seguido a repasar antecedentes que evidenciarían todas as iniciativas que se abordaron polo goberno e licitacións que se quedaron desertas. O concello de Mugardos foi o que na comarca levou a cabo máis licitacións no mandato anterior. A finais do ano 2023 encargaron unha Memoria polas humidades da casa consistorial para poder curdir ás liñas de axudas. E cita respecto a outras intervencións ás que se fixo alusión do debate como é o parque en O Baño que como os grupos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	municipais poden acceder ao rexistro de entrada, son coñecedores da presentación de documentación para a súa adxudicación
--	---

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	Abstención	A favor	A favor	Abstención

En atención ao resultado acadado, o Pleno adoptou o **seguinte acordo**:

Primerio.- Que se asignen os recursos necesarios para a restauración e conservación dos edificios públicos, incluíndo a Casa Consistorial

Segundo.- Que se xeneren informes sobre o estado do resto dos edificios públicos e se cree un plan de investimento para a súa rexeneración.

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS NECESARIAS PARA DOTAR DE SEGURIDADE AOS CAMIÑOS MUNICIPAIS.- Moción da que se deu traslado á Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 21.02.2024:

“4.2º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RPLN-4 de 20.02.2024

Moción que responde ao seguinte texto:

“ ...

Exposición de motivos:

El Concello de Mugardos acumula obras de reparación de caminos municipais desde hace varios años. Entre los caminos pendentes de reparación, aprobados por el pleno municipal y con financiación de la Deputación de A Coruña, están los siguientes:

Camiño de Fieiteiras, Camiño de Franza de abaixo, Camiño de Simou, Camiño do Morteirado, Camiño de Roibeiras, Camiño de Penedo, Camiño de Galiñeiro, Camiño de San Xoan, Camiño do Pallizo, Camiño de Boado, Camiño de Montefaro, Camiño da Redonda.

Otros caminos municipais se encuentran actualmente en mal estado y no cuentan hasta la fecha con actuaciónes previstas, como sucede en los siguientes:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Camiño de Franza de arriba, Camiño de Seselle, Camiño do Vilar, Camiño do Castelo da Palma. Unos y otros necesitan una actuación que por el momento no nos consta que tengan programada.

Para evitar que los caminos sigan deteriorándose y los posibles accidentes que los baches pueden ocasionar.

Instamos al gobierno municipal a tomar las medidas necesarias para dotar de seguridad a estos caminos a través de un parcheado en los casos en los que la estimación de la ejecución de las obras supere los 6 meses.

Y en cualquier caso agilizar las obras pendientes de ejecución todo lo posible”

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Procede a dar lectura á moción
Portavoz BNG	Anuncia o voto a favor do seu grupo. Congratúlase de que moitos dos camiños estén xa en bó estado máis outros tantos non polo que lles parece positivo que se tomen medidas.

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Como veciño que naceu en somou e segue a estar familiarizado co mesmo, sinala que hai camiños municipais que non están transitables nos que non se ten actuado dende hai moito tempo. Este tipo de mocións son propostas de acción para que o goberno muniipcal tome nota para levar os proxectos correspondentes a Comisión Informativa.
Portavoz PP	Indica que o camiño Galiñeiro xa está asfaltado e en Franza de abaixo comenzan os traballos a vindeira semana. Outros xa se inspeccionaron polos técnicos. O camiño de Simou ten problemas que exceden do asfaltado polo que para evitar fraccionamentos se realizou outro proxecto, máis se pregunta se se necesita para dotar o crédito necesario para acometer as actuacións se o seu grupo votará a favor da modificación de crédito correspondente.
Portavoz PSdG-PSOE	Presentan mocións das iniciativas que lles parecen máis positivas para o concello e lles gustaría que se dese traslado non do que xa está licitado se non das memorias e estudos en marcha.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	Abstención	A favor	A favor	Abstención

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, o Pleno adoptou o **seguinte acordo**:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a tomar as medidas necesarias para dotar de seguridade a estes camiños a través dun parcheado nos casos nos que a estimación da execución das obras supere os 6 meses. E en calquera caso axilizar as obras pendentes de execución todo o posible

5º.- URXENCIAS.- EXPEDIENTE 2506/2023.- POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024.- O Alcalde eleva á consideración do Pleno proposta asinada con data 28.02.2024:

Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. TRAS REQUERIMENTO DEPUTACIÓN.

Visto o requerimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña en relación ao POS+ ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, **PROPOÑO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024

41.026,71 €

Dato notificado que figura no seu expediente

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<p>a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.</p>					
<p>b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p>	25.000,00 €	0,00 €	25.000,00 €	11.249,17 €	13.750,83 €
<p>c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>					
<p>d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>					
<p>e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>	67.671,56 €	0,00 €	67.671,56 €	28.787,04 €	38.884,52 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.					
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	92.671,56 €	0,00 €	92.671,56 €	40.036,21 €	52.635,35 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)





Concello de Mugardos
(A Coruña)

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.					
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	990,50 €	0,00 €	990,50 €	990,50 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	990,50 €	0,00 €	990,50 €	990,50 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	93.662,06 €	0,00 €	93.662,06 €	41.026,71 €	52.635,35 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	40.036,21 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	990,50 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	41.026,71 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2.-Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Constan no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2506/2023, informes emitidos pola Traballadora Social segundo Anexos previstos nas Bases da convocatoria asinados con data 27.02.2024; informes de intervención e de secretaría de 28.02.2024 e orzamento desgregado asinado pola Traballadora Social con data 28.02.2024.

Con carácter previo ao debate do asunto lévase a cabo o trámite previsto no artigo 91.4º Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, xustificándose polo Alcalde a necesidade de someter este asunto a Pleno por motivos de urxencia para poder dar cumprimento aos requirimentos realizado pola Deputación provincial de A Coruña.

Sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En función do resultado obtido, o Pleno aprecia a urxencia do asunto e pasa a iniciar o seu debate.

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde	Xustifica as modificacións levadas a cabo respecto do acordo inicial redistribuíndo o crédito en función do compromiso acadado na Comisión Informativa como describe a nova proposta.
Portavoz EU	Se ben a primeira proposta elevada a Pleno non contou co voto a favor do seu grupo por canto non estimaban adecuadas as inversións previstas, unha vez solventadas as incidencias xa advertidas a inicio, o seu grupo votará a favor.
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta que o seu grupo se vai a abster xa que non consideran correcta as formas de tramitar os expedientes polo grupo de goberno sen contar co resto dos grupos, con prisas e non axustándose aos informes técnicos de xeito que se teñan que modificar posteriormente os proxectos e acordos.
Portavoz BNG	De acordo compromiso asumido en Comisión Informativa o seu grupo se vai a abster.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno adoptou o **seguinte acordo**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024
Dato notificado que figura no seu expediente

41.026,71 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<p>b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p>	25.000,00 €	0,00 €	25.000,00 €	11.249,17 €	13.750,83 €
<p>c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>					
<p>d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>					
<p>e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>	67.671,56 €	0,00 €	67.671,56 €	28.787,04 €	38.884,52 €
<p>f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	92.671,56 €	0,00 €	92.671,56 €	40.036,21 €	52.635,35 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	990,50 €	0,00 €	990,50 €	990,50 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	990,50 €	0,00 €	990,50 €	990,50 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	93.662,06 €	0,00 €	93.662,06 €	41.026,71 €	52.635,35 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	40.036,21 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	990,50 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	41.026,71 €

2.-Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES

Non se formulan.

7º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA SOBRE MODIFICACIÓN DA PORTAVOCÍA DO GRUPO MUNICIPAL. Dáse conta que con data 20.02.2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-440, o grupo municipal EU presentou escrito asinado polo seu portavoz polo que se traslado o cambio de portavoz a favor da concelleira María Dolores González Lorenzo.

8º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse lectura pola secretaria á dilixencia asinada con data 22.02.2024:

““EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamentoda Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024.

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interioro inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informe pola secretaria municipal de 28.09.2023 e 16.01.2024 e tendo presentado a Sociedade Amigos da Paisaxe Galega escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O





Concello de Mugardos
(A Coruña)

DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 2336/2023. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 03/2023. Uniéronse certificacións dos acordos ao expediente epola Resolución da Alcaldía núm. 2024-0058 acordouse ordenar o pago das cotas da Comunidade de Proprietarios de Castelao 1-3-5-7.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose acordado, pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-1254, modificar as cláusulas cuarta e sexta do acordo de agrupación das entidades Concello de Ares, Fene e Mugardos para a constitución formal dunha agrupación sen personalidade xurídica de entidades co fin de concorrer de maneira conxunta á orde da convocatoria, a cal ten sido ratificada polo Pleno da Corporación na sesión plenaria realizada en data 27.12.2023, téndose unido ao expediente certificación do acordo plenario adoptado en data 31.01.2024, relativo ao compromiso de dar continuidade ás actuacións e tramitación se a agrupación formada a tal efecto recibe cando menos o 85% do importe solicitado, acordo este do que se ten dado traslado aos concellos de Ares e Fene.

SECRETARÍA.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE ESQUERDA UNIDA SOBRE O APOIO AO PROXECTO TRISKELION. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico e á Xunta de Galicia certificación do acordo adoptado.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE AUGA, LIXO E REDE DE SUMIDOIROS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Concelleira da Área de Facenda e Promoción Económica copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE LIMPEZA DE PRAIAS E PORTO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concelleiro da Área de Obras, Servizos, Medioambiente e TIC's copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROMOCIÓN E FOMENTO DA LINGUA NO CONCELLO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Concelleira da Área de Cultura, Deportes e Turismo copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

SECRETARÍA.- MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSdeG-PSOE PARA A REALIZACIÓN DAS CONVOCATORIAS DE COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES DO SAF DO CONCELLO E ACTUALIZACIÓN DAS LISTAS DE SUBSTITUCIÓNS XA CADUCADA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concelleiro da Área de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DAS SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO E MOBILIDADE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concelleiro da Área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024".

SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2506/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS". Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios."





Concello de Mugardos
(A Coruña)

9º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-0094 AO 2024-0183.

O Pleno da por realizado o trámite.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS	
Portavoz EU	<p>Remata o mes de febreiro data comprometida para rematar a xestión da 7ª Fase ARRU.</p> <p>Respecto da empresa encargada do mantemento da luz quere saber se é necesario dar aviso ou se ocupan de oficio por canto no porto haio moitos puntos sen luz.</p> <p><u>Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs</u></p> <p>Se pode dar aviso á empresa por teléfono ou a través do persoal da concellería.</p>
Portavoz EU	<p>Solicita que se lembre á veciñanza as formas de dar aviso das avarías.</p>
Portavoz PSOE	<p>Roga que se cumpla coa publicación do calendario de impostos.</p> <p>Roga que se dispoña dalgún sistema de grabación das sesións do Pleno que permita dotalas de máis transparencia.</p> <p><u>Alcalde</u></p> <p>En canto ao sistema de grabación tras realizar consulta con Intervención é necesario tramitar unha modificación de crédito.</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Portavoz BNG	Roga que se eleven a Comisión Informativa as alegacións realizadas pola Asociación de Amigos da Paisaxe sobre o novo expediente de autorización de disposición de terreos. Que se comente como está o tema das praias e resto de negociacións con Portos de Galicia.
PREGUNTAS	
Portavoz PSdG-PSOE	Formula pregunta sobre si existe algún proxecto para as zonas verdes anexas ao previsto para levar a cabo unha biblioteca no cine Zárate. Formula pregunta por se existe algunha iniciativa para o arranxo da cuberta do pabellón
Alcalde	De conformidade coa petición realizada na sesión ordinaria do Pleno do mes de xaneiro e así que cando trasladen preguntas ao Pleno indiquen a quen van dirixidas e se son de resposta oral ou escritas nos termos do ROM e tras non ser atendida, procederase a dar contestación por escrito.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte e horas e corenta e nove minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

B644F1B0B282D9044BB19BD21E91BABBEF4B625816DFE4FD74A8A0F29CA1676F

Visto e praxe

O Presidente

Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria

Paula E. Ramos Díaz

